

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ORTIGUEIRA

Secretaría

Bases reguladoras da convocatoria de axudas promovidas polo concello de Ortigueira para deportistas con proxección, liña de subvencións municipais en materia de deportes 2017

ANUNCIO

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PROMOVIDAS POLO CONCELLO DE ORTIGUEIRA PARA DEPORTISTAS CON PROXECCIÓN - LIÑA DE SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS EN MATERIA DE DEPORTES 2017

Por Decreto desta Alcaldía número 2017&0614 aprobáronse as bases reguladoras da convocatoria de de axudas promovidas polo Concello de Ortigueira para deportistas con proxección dentro da liña de subvencións municipais en materia de deportes 2017, que de seguido se insiren:

“CONVOCATORIA DE AXUDAS PROMOVIDAS POLO CONCELLO DE ORTIGUEIRA PARA DEPORTISTAS CON PROXECCIÓN - LIÑA DE SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS EN MATERIA DE DEPORTES 2017

1- Obxecto.

O Concello de Ortigueira, no seu labor de promoción e difusión do deporte e consciente das dificultades que teñen moitos deportistas con talento, especialmente nas etapas de iniciación e de maior cambio corporal, para progresar en deportes federados que teñan un carácter individual, realiza a presente convocatoria de bolsas co obxecto de apoiar a práctica e o rendemento deportivo, tanto en relación ao perfeccionamento técnico e obtención de maior rendemento nas respectivas modalidades deportivas, como posibilitar a súa participación en eventos deportivos, facilitándolles aos deportistas locais o acceso a unha preparación integral axeitada.

Ten a consideración de deporte de “carácter individual” todo aquel deporte que, segundo a súa regulamentación, é practicado por un ou por dous deportistas como máximo.

Exclúense da presente convocatoria os cursos dirixidos á obtención de títulos académicos ou deportivos.

2. Consignación orzamentaria

O orzamento para esta convocatoria é de 4.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 341/48000

3. Requisitos para obter a condición de beneficiario/a

Poderán ser beneficiarios/as das axudas previstas nas presentes bases as persoas físicas que reúnan os seguintes requisitos:

- Ser maior de dez anos cumpridos con data límite do 31 de decembro de 2017.
- Non incorrer en ningunha das causas previstas no artigo 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Practicar un deporte que pertenza a un dos deportes recoñecidos polo Consello Superior de Deportes, e que pertenza á correspondente Federación Deportiva Española
- Estar empadroado no termo municipal de Ortigueira cunha antigüidade igual ou superior a un ano. Esta circunstancia comprobarase de oficio mediante a comprobación dos datos que consten no Padrón municipal de habitantes.
- Dispoñer de licenza deportiva federativa vixente, nos termos dos artigos 27 e 28 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia.
- Acreditar nivel deportivo na modalidade practicada e ter proxección nas previsións de futuro.

4. Gastos subvencionables

Todos os gastos subvencionables deben realizarse durante o ano 2017 e responderán aos fins derivados da actividade subvencionada. Considéranse subvencionables os seguintes:

- Gastos federativos. Inclúense os derivados de licenzas deportivas, inscrición, seguros ou calquera outro gasto esixido polas federacións deportivas.
- Gastos de desprazamento. Inclúese calquera tipo de transporte (terrestre, marítimo ou aéreo) tanto do/a deportista coma do material e equipamento deportivo.
- Gastos de estancia. Aloxamento e manutención de deportistas.
- Gastos de equipamento deportivo: Inclúese a adquisición, aluguer ou reparación de equipamento ou material deportivo e os gastos asumidos pola utilización de instalacións deportivas.
- Gastos médicos e de fisioterapia por asistencia ao deportista.

O importe máximo subvencionable por cada beneficiario será de 1.800 euros.

5. Procedemento

5.1. Solicitudes

As solicitudes presentaranse en modelo normalizado no rexistro xeral do Concello de Ortigueira en horario de 9:00 a 14:00 hrs, no rexistro electrónico da sede electrónica oficial <http://ortigueira.sedelectronica.es> ou en calquera dos lugares aos que refírese o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto durante VINTE días hábiles a contar dende a publicación da convocatoria no BOP

A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

Documentación xeral:

- Documento Nacional de Identidade ou documento equivalente da persoa solicitante
- Documento Nacional de Identidade ou documento equivalente do representante legal do solicitante. (Se procede)
- Declaración responsable doutras axudas solicitadas ou percibidas para o mesmo fin.
- Certificacións de non ter débedas coa Seguridade Social, AEAT, e Axencia Tributaria de Galicia.
- Certificación de datos bancarios.

Documentación obxecto de valoración:

- Historial deportivo obtido durante o ano 2016, no que haberán de constar as participacións e os resultados máis importantes obtidos en competicións provinciais, autonómicas ou nacionais, con especificación de datas, lugar e nivel de competición; este historial haberá de vir dilixenciado co visto e prace da federación deportiva correspondente.
- Proxecto deportivo para a tempada actual.
- Certificación (expedida pola Secretaría co visto e prace da Presidencia do club) da pertenza da persoa deportista a un club deportivo do Concello de Ortigueira, cunha antigüidade mínima de unha tempada deportiva, cumprida antes da data da publicación das bases da convocatoria.

5.2. Avaliación das solicitudes.

Procedemento de avaliación

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Departamento de Deportes examinará a documentación presentada, verificará que as entidades cumpren os requisitos da base III e elaborará un informe-proposta avaliando as mesmas. Neste informe tamén realizarase un reparto provisional do importe consignado nesta convocatoria entre todos os beneficiarios a 45 euros por cada punto asignado. Se a contía resultante deste reparto supera o importe máximo total da convocatoria reducirase o importe por punto proporcionalmente ata que a contía a repartir non supere o máximo previsto.

Se a instancia ou documentación fose incompleta ou preséntase con defectos subsanables, dito Departamento requirirá ao interesado para que no prazo de DEZ días hábiles a contar dende a recepción da notificación corríxanse as deficiencias detectadas. No requirimento especificarase expresamente de que transcorrido este prazo sen cumprir este requisito entenderase que o interesado desiste da súa petición.

Á vista do informe-proposta do Departamento de Deportes, a Alcaldía poderá, no seu caso, recadar informes aclaratorios ou calquera outro informe que considere. Á vista da documentación obrante no expediente, previa deliberación, ditará

resolución de adjudicación provisional debidamente motivada que será notificada aos interesados para que no prazo de DEZ días hábiles aleguen o que estimen pertinente.

De presentarse alegacións, estas serán informadas polo Departamento de Deportes.

Examinadas as alegacións e o informe técnico das mesmas, Alcaldía ditará resolución motivada aprobando a relación definitiva dos beneficiarios e a contía asignada a cada un deles.

Criterios de avaliación:

As solicitudes presentadas avaliaranse polo Departamento de Deportes conforme aos seguintes criterios:

Historial deportivo.- (30 puntos máximo)

Asignaráselle á persoa deportista a puntuación correspondente ao resultado do maior nivel que obtivera no ano 2016 obtida en campionato oficial, ou campionato recoñecido pola federación deportiva correspondente.

O baremo será o seguinte:

Grupo 1: Entre 24 e 30 puntos. Estará integrado polas persoas que cumpren algún dos requisitos seguintes:

Participación en probas o campionatos nacionais.

Grupo 2: Entre 18 e 23 puntos. Estará integrado polas persoas que cumpren algún dos requisitos seguintes:

Participación en probas o campionatos autonómicos.

Grupo 3: Entre 12 e 17 puntos. Estará integrado polas persoas que cumpren algún dos requisitos seguintes:

Participación en probas o campionatos provinciais.

Proxecto deportivo.- (5 puntos máximo)

O interese do proxecto presentado, a proxección de futuro da persoa deportista e a súa progresión.

Outros méritos.- (5 puntos máximo)

· Pertenza da persoa deportista a un club do Concello de Ortigueira cunha antigüidade mínima de unha tempada deportiva cumprida antes da data da publicación das bases da convocatoria,

En caso de que dous ou máis aspirantes acaden a mesma puntuación, darase prioridade á puntuación obtida no historial deportivo. De persistir o empate, terá preferencia o aspirante de menor idade. De manterse a situación de igualdade, resolverase por sorteo.

6. Obrigas dos beneficiarios

Ademais das obrigas xerais dos beneficiarios previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de conformidade co previsto no artigo 20 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que apróbase o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establécese a seguinte obriga:

Na equipación deportiva empregada polos beneficiarios nas competicións oficiais deberá constar, como mínimo, o logo do Concello de Ortigueira de forma visible nos termos que se establezan.

Existirá constancia fotográfica do cumprimento desta obriga coas datas e a denominación da competición/proba que proceda. O Concello poderá esixir a aportación das fotografías na fase de xustificación da subvención.

7.- Pagamento

Esta subvención contempla o pago anticipado do 90% do importe preconcedido na resolución que pon fin ao procedemento previsto na base quinta.

8. Xustificación

Unha vez executada a actividade subvencionada, os beneficiarios deberán presentar, como moi tarde o día 30 de marzo de 2018 a seguinte documentación xustificativa:

- Certificación da federación deportiva correspondente acreditativa dos resultados deportivos obtidos no ano 2017.
- Informe do club ao que pertence a persoa deportista. No que conste a traxectoria deportiva e as actividades desenvolvidas pola persoa deportista durante o ano 2017.
- Facturas orixinais das actuacións subvencionadas.
- Documentación acreditativa do pago íntegro do importe da factura.
- Certificado actualizado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia, o Concello e a Seguridade Social.

- Acreditación, no seu caso, da concesión doutras subvencións para a mesma actividade.

Presentada a documentación, o Departamento de Deportes deberá analiza-la mesma informando si está correcta ou incorrecta e se levouse a cabo ou non a actuación subvencionada de forma total ou parcial.

A continuación, polo servizo de Intervención emitirase o pertinente informe de fiscalización. A fin de dar cumprimento a esta obriga, poderá recadar calquera outra documentación ou informe técnico que estime necesario.

Á vista dos informes previos, a Alcaldía declarará xustificada ou inxustificada a subvención, ordenando, segundo proceda, o pago do importe que corresponda ou o reintegro da totalidade ou parte dos pagos anticipados no caso de incumprimento das disposicións previstas nesta convocatoria.

9.- Incumplimentos e sancións

O réxime de infraccións e sancións será o previsto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

10.- Cláusula final

Para os casos non previstos nas presentes bases, será de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e demais disposicións legais.

A participación nesta convocatoria supón a aceptación das súas bases reguladoras. “

O que se fai publico para xeal coñecemento e aos efectos oportunos

Ortigueira, 2 de agosto de 2017

A Alcaldesa en funcións

Vanesa Trevin Pita

2017/6808